

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA**

**LINGUA INGLESA**

**2º CICLO DE EDUCACIÓN  
INFANTIL**

**EEI DE TRABA**

**CURSO 2019/2020**

# ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN.

2. OBXECTIVOS.

3. CONTIDOS XERAIS.

4. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA Á  
ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

5. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

6. .CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

7. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE.

8. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

# 1. XUSTIFICACIÓN.

Debido as especiais características da situación actual que estamos a vivir, e tendo como guía as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da nosa Comunidade Autónoma, foi necesaria unha adaptación da programación didáctica inicial para lograr que os nosos alumn@s non visen interrompido de forma radical o seu proceso de aprendizaxe continua e tratar de manter intacto o seu desexo por seguir aprendendo dentro do novo escenario educativo que nos foi imposto pola emerxencia sanitaria.

## 2. OBXECTIVOS

\* Integrar a lingua estranxeira no currículo de educación infantil e utilizala como un dos instrumentos que favoreza o desenvolvemento integral do alumnado.

\* A aprendizaxe dunha Linguaxe Estranxeira debe ser un medio para

- ✓ apreciar e valorar outras linguas e culturas.
- ✓ aprender a valorar mellor as propias linguas.

\* Desenvolver competencias comunicativas.

\* Familiarizarse coas novas formas de comunicación e recoñecer o valor comunicativo das diferentes linguas.

\* Comprender instrucións básicas na lingua estranxeira que lle permitan xogar, realizar tarefas e interrelacionarse.

\* Comprender o significado xeral de contos curtos - narrados ou lidos por unha persoa adulta, preferiblemente, contos xa coñecidos na propia lingua, así como cancións sinxelas.

\* Comprender globalmente información sobre a contorna dos nen@s de Educación Infantil: casa, familia, escola...

### 3. CONTIDOS XERAIS

Os Contidos contemplados na Programación Didáctica para o Segundo Ciclo de Infantil, que comezamos a desenvolver dende o comezo deste curso académico, son descritos de maneira breve a continuación. Non se atopan desglosados por idades porque os grupos son mixtos, o cal non quere dicir que non se plantexen actividades adaptadas para cada nivel a hora de traballalos co alumnado:

- Fórmulas básicas de saúdo, despedida, desculpas e agradecemento.
- As cores
- Números
- Nocións sobre o tempo meteorolóxico.
- Estados Emocionais.
- Días da semana.
- Principais membros da familia

- Partes do corpo
- Prendas de roupa
- Os animais (salvaxes e domésticos)
- As diferentes estacións do ano.
- Material e mobiliario escolar
- Partes da casa.
- Principais festividades e celebracións tanto da nosa tradición social como as propias dos países de tradición anglosaxona.
- Xoguetes.

## 4. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición da *competencia en comunicación lingüística* de xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira, baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua.

A achega da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral dado que as habilidades de escoitar, falar e conversar, adquiren unha relevancia singular nesta etapa. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse.

A partir da adquisición da linguaxe, esta convértese en vehículo do pensamento humano, en instrumento para a interpretación e a representación da realidade e na ferramenta de aprendizaxe por excelencia. Esta materia contribúe ao desenvolvemento da *competencia para aprender a aprender* posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral conferíndolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e a expresión.

Esta materia é ademais un bo vehículo para o desenvolvemento da *competencia social e cívica*. As linguas sérvenlles aos/ás falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións. Pero tamén, en boa medida, son vehículo de comunicación e transmisión cultural, e favorecen o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación das diferenzas culturais e de comportamento.

As competencias citadas están na actualidade en relación directa coa *competencia dixital*. A utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente á materia e este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

Esta materia inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala e, polo tanto, contribúe a adquirir a *competencia en conciencia e expresión cultural* xa que propicia unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística, como na literatura infantil.

O coñecemento dunha lingua estranxeira tamén contribúe á adquisición da *competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor*, en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, e o manexo de recursos e habilidades persoais dentro da área de “Coñecemento de si mesmo/a e a autonomía persoal”, e isto supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisións no traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

Finalmente, e a pesar de que a *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía* non se mencionan especificamente nos obxectivos para Lingua Estranxeira, por mor da natureza dos materiais, pódense atopar moitas oportunidades de empezar a desenvolver tamén estas competencias e así tratamos de facelo.

## 5. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

Tal e como se contempla nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a Avaliación e cualificación dos alumn@s adaptárase de maneira que se realizará sobre as aprendizaxes que se desenvolveron durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzamento e ampliación de aprendizaxes realizadas dende o momento en que se decretou o estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre que beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación tiveronse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificadas e concretadas.

## 6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Ainda que o enfoque principal é motivar os/as nenos/as máis que indicar ou cuantificar os seus logros, o control do progreso é tamén parte importante do proceso de ensino-aprendizaxe para poder facer un seguimento das aprendizaxes adquiridas de forma individual por cada alumn@ e a detección de posibles dificultades ou necesidades específicas que sexa necesario ter en conta na planificación da actividade educativa a desenvolver con cada grupo de nen@s.

Os criterios da avaliación que se empregarán para a avaliación serán os que a continuación se enumeran:

- Mantén unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.
- Participa empregando formas non lingüísticas (xestos, accións) en actividades desenvolvidas na lingua estranxeira.
- Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutra lingua.
- Emprega expresións convencionais de cortesía de saúdo, na lingua estranxeira.
- Emprega expresións convencionais de cortesía de despedida, na lingua estranxeira.
- Emprega expresións convencionais de cortesía para desculparse, na lingua estranxeira.
- Emprega expresións convencionais de cortesía de agradecemento, na lingua estranxeira.



## 7. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE.

Durante o terceiro trimestre estamos a desenvolver actividades de repaso, reforzo e ampliación das aprendizaxes anteriormente traballadas e adaptadas as características e idade do alumnado do noso centro. As actividades que se propoñen ás familias, que agora son colaboradores necesarios e imprescindibles, teñen un compoñente lúdico fundamental para seguir suscitando o interese pola lingua inglesa en nen@s de tan curta idade.

As actividades son globalizadoras e interdisciplinares, e están sendo planificadas seguindo a liña de traballo colaborativo entre docentes das distintas áreas e escolas (pertencentes ao grupo de traballo que se formou por iniciativa propia dos responsables de ditos centros ao comezo do presente curso académico) na medida en que é posible.

A ampliación das aprendizaxes contempla aqueles obxectivos e competencias clave imprescindibles para a adecuada progresión do noso alumnado e que ademáis requiran a mínima intervención docente para a súa correcta asimilación persoal.

Regularmente faise unha proposta de actividades ás familias do alumnado que consisten principalmente en:

- Enlaces a cancións, contos, videos de descripción do vocabulario e o proceso de lavado das máns ou medidas de hixiene relevantes neste momento vital e xogos.
- Fichas imprimibles onde tamén se traballa a grafo-motricidade, conceptos matemáticos sinxelos, orientación espacial...
- Experimentos sinxelos.

- Receitas (procurando que a maioría delas pertencan a cultura culinaria dos países de fala inglesa)
- Actividades manipulativas tipo manualidades sinxelas.

## 8. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

As propostas de actividades son subidas ao Drive creado polo grupo de traballo das escolas, anteriormente mencionado.

Esta adaptación da programación de Lingua Inglesa forma parte dun documento moito máis amplo que a mestra responsable do centro fará chegar ás familias do alumnado e terá a disposición dos diferentes integrantes da comunidade educativa na sede física do propio centro cado as medidas sanitarias vixentes e o avance nas as diferentes etapas da desescalada social que acabamos de iniciar así o permitan.